PROTOCOLO

PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

XUNTA DE GALICIA

Agradecementos

O presente Protocolo foi elaborado en base aos traballos dun grupo interdisciplinario constituido por asesores técnicos docentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un membro dos Equipos de Orientación Específicos (EOE) e un director dun centro de educación secundaria, así como representantes da Federación Down Galicia:

- **Susana Pérez Vilariño:** Responsable da Área Educación Down Ferrol
- **Sabrina Molinos Castro:** Responsable de Programas Down Galicia
- **Sonia Caldas Novás:** Xerente Down Galicia

Portavoces do traballo conxunto do Grupo de Mellora Educación da Federación Down Galicia no que están integrado as súas sete entidades membro: Down Vigo, Down Pontevedra "Xuntos", Down Ferrol "Teima", Down Lugo, Down Compostela, Down Coruña e Down Ourense.

1.Presentación 4

2.Principios básicos 6

A inclusión como principio 6

Deseño universal para a aprendizaxe (DUA) 7

Enfoque ecolóxico. A colaboración coas entidades e coas familias 8

3.Conceptos 10

Síndrome de Down 10

Discapacidade Intelectual 12

4. Orientacións no proceso de escolarización 14

5. Sensibilización da comunidade educativa 16

6. Proceso de atención educativa ao alumnado coa síndrome de Down 22

A organización de centro na atención educativa 23

Orientacións metodolóxicas e de aula 24

Medidas curriculares 28

Orientacións sobre a avaliación 30

Seguimento do alumnado 32

7. Orientacións de colaboración coas familias 34

8. Referencias bibliográficas 36

Recursos web 39

9. Glosario de termos 40

1.Presentación

Todo o alumnado ten dereito a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade que promova as súas oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral ao longo da súa vida.

Para poder facer fronte a este desafío e desenvolver este obxectivo é imprescindible que o sistema educativo no seu conxunto e o persoal docente, en particular, coñezan as características do alumnado e do seu contexto familiar e escolar de xeito que se fagan efectivas as oportunidades de ensino-aprendizaxe da forma máis extensiva e intensiva posible, dando opcións de participación, acción e obtención de logros a todo o alumnado, sen deixar a ninguén atrás.

Nunha escola aberta, flexible e sen prexuízos, é onde todos os nenos, nenas, mozos e mozas dunha determinada comunidade poden e deben estar, participar, aprender e progresar. Cando nos referimos ao alumnado coa síndrome de Down, a consideración debe ser a mesma. Precisamos continuar avanzando cara a unha escola inclusiva, que se apoie na convicción de que todos os alumnos e alumnas poden aprender cando se lles outorgan as oportunidades e condicións de aprendizaxe axeitadas, educando en valores que unicamente se aprenden en contextos de diversidade (igualdade, solidariedade, empatía, axuda mutua, respecto, tolerancia, compromiso cos demais...); unha escola onde sexa posible aprender a vivir e convivir con igualdade de oportunidades.

Neste sentido, a discapacidade dunha persoa resulta da interacción entre a persoa e o ambiente no que se desenvolve. Isto implica que as limitacións dunha persoa convértense en discapacidade como consecuencia da súa interacción cun ambiente que presenta barreiras e non ofrece os apoios que precisa para reducir as súas limitacións funcionais.

Polo tanto, se unha persoa se desenvolve nun ambiente libre de barreiras (non só físicas, senón de moi diversa índole) e cos apoios que necesita, as súas capacidades desenvolveranse máis e serán cada vez máis operativas. Así mesmo, experimentará máis e mellores situacións de éxito académico, persoal e social, o que reforzará a súa

autoestima e fará que espere máis de si mesma e das súas propias capacidades. Mediante este proceso moitas das súas limitacións poden, incluso, desaparecer.

Se temos en conta que os apoios proporciónaos o contorno, ese mesmo contorno pode facer que unha persoa se sinta máis ou menos capacitada. Polo tanto, é responsabilidade de todas as persoas que forman parte dunha comunidade educativa, tratar de informar, reducir e/ou eliminar as posibles barreiras e prestar os apoios necesarios na procura dunha contorna educativa máis inclusivo e facilitador. Deberá prestarse especial atención ás posibles situacións de exclusión, dado que este alumnado pode ser máis vulnerable e ter máis dificultades para acadar o éxito escolar. Así se recolle no Artigo 5.3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade, onde se dispón que hai que "adecuar os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal". Polo tanto, é preciso adaptar a escola ao alumnado, e non á inversa.

Os contextos educativos, polo tanto, deberán ser suficientemente flexibles, e comprensivos, de maneira que entendan a diversidade como principio, como sinal de identidade que forma parte da esencia das persoas, unha oportunidade de aprendizaxe para todos os membros dunha comunidade educativa, e un elemento que enriquece o desenvolvemento persoal e social, e contribúe a mellorar a convivencia e construír unha sociedade máis xusta e tolerante. E, ao mesmo tempo, deben ter a disposición e a dispoñibilidade de implementar as medidas e dotar dos recursos necesarios ao seu alcance, que promovan e faciliten ese contexto de aprendizaxe universal.

2.Principios básicos

A inclusión como principio

A inclusión, como principio fundamental do noso sistema educativo, está presente en diferentes documentos:

- **A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948. art.26)** recolle que "Toda persoa ten dereito á educación[...] e que esta se dirixirá ao pleno desenvolvemento da personalidade e a fortalecer o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais [...]"

- **O Informe da UNESCO "Educación 2030- Declaración de Incheon"** establece no marco de acción para a realización do obxectivo de desenvolvemento sostible como principio básico, garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos e todas.

- **A Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade**, de 2006, dedica o seu artigo 24 ao dereito á educación desde unha perspectiva de dereitos humanos, de acordo co modelo ecolóxico da discapacidade, presente en toda a Convención, e de acordo cos seus principios xerais: respecto, non discriminación, participación e inclusión, igualdade de oportunidades. Nela establécese que os "Estados Partes asegurarán:

  A. que as persoas con discapacidade non queden excluídas do sistema xeral de educación por motivos de discapacidade, e que os nenos e as nenas con discapacidade non queden excluídos do ensino primario gratuíto e obrigatorio nin do ensino secundario por motivos de discapacidade;

  B. que persoas con discapacidade poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais, na comunidade na que vivan;

C. que fagan os axustes razoables en función das necesidades individuais;

D. que preste o apoio necesario ás persoas con discapacidade, no marco do sistema xeral de educación, para facilitar a súa formación efectiva;

E. que faciliten medidas de apoio personalizadas e efectivas en contornos que fomenten ao máximo o desenvolvemento académico e social, de conformidade co obxectivo da plena inclusión."

- **A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, a través da sección cuarta, favorece a educación inclusiva promovendo tanto a autonomía dos centros á hora de adaptar a normativa ás características do seu contorno e da poboación que atenden, como a flexibilidade do sistema nos aspectos pedagóxicos, organizativos, etc. En relación ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, asegurará a non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

- **O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia** fai referencia a que a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, entre o que se atopa o alumnado con síndrome de Down, debe asegurar a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo ordinario.

Deseño universal para a aprendizaxe (DUA)

O deseño universal para a aprendizaxe (DUA), apoiándose nos principios do deseño universal e nos avances sobre aprendizaxe e as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), parte dun deseño para todas as persoas. Considera a diversidade no seu sentido máis amplo, e presenta opcións personalizables que permiten progresar a todo o alumnado, partindo de onde están, e creando contornas, recursos, dinámicas e ferramentas que poidan ser empregadas polo maior número de persoas posible. **Polo tanto, inciden en todos os elementos do proceso educativo**; non só se refire á planificación de elementos curriculares prescritivos, senón tamén aos medios ou

recursos que utilicemos, á forma de utilizalos, á metodoloxía de ensinanza e avaliación, a organización de agrupamentos, espazos e tempos, etc.

En definitiva, o **deseño universal para a aprendizaxe** asegura que o currículo é planificado e posto en práctica de tal modo que, pola súa propia definición e concreción, non supón un impedimento ou barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias por mor das súas características.

Enfoque ecolóxico. A colaboración coas entidades e coas familias

O Enfoque Ecolóxico entende que o desenvolvemento psicolóxico do individuo é un proceso complexo que responde á influencia dunha grande variedade de factores estreitamente ligados ao ambiente. Así, o postulado básico deste enfoque é que o resultado da interacción entre a persoa e os ambientes que a rodean (sexan máis ou menos inmediatos –familia, escola, traballo, sociedade, ...-), constitúen a principal fonte de influencia sobre a súa conducta e sobre o seu desenvolvemento.

Polo tanto, para poder ofrecer unha resposta educativa inclusiva é preciso crear contextos de aprendizaxe universal, que faciliten o acceso e a participación, libre de barreiras sociais, físicas, sensoriais, estruturais, cognitivas, comunicativas, curriculares ou calquera outras, e que teñan especial sensibilidade cara ao alumnado máis vulnerable ou susceptible de sufrir situacións de exclusión, de maneira que se sintan, acollidos, apoiados, comprendidos e poidan participar na súa comunidade educativa desde a súa propia realidade

Por outra banda, é fundamental partir de que hai unha gran variabilidade dentro do colectivo das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, ao igual que entre o resto do alumnado. É imprescindible coñecer a persoa, ver como se desenvolve e considerar se o contexto educativo se adapta ás súas necesidades, facilitando a súa interacción, participación e progreso. Do contrario, podemos caer na consideración de que todo o alumnado ten as mesmas necesidades, atopa as mesmas barreiras e/ou precisa os mesmos apoios

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no seu artigo 40 trata de articular este enfoque ecolóxico fomentando a participación das entidades, asociacións e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade, nos procesos de atención socio-educativa integral ao alumnado. Deste xeito avánzase conxuntamente na garantía dunha educación de calidade e inclusiva.

A articulación destes procesos de participación e empoderamento das familias e do alumnado supón un enriquecemento mutuo e a posibilidade de creación dun coñecemento compartido que se traslada na concreción de documentos como o que nos ocupa. Así, protocolos coma este, realizados a partir das achegas e da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (Down Galicia), docentes e membros de servizos de orientación, outros expertos de recoñecido prestixio e a propia administración educativa, permiten sentar as bases para que cada centro reflexione e configure a súa resposta educativa, adaptada á súa realidade, nas medidas e programas contemplados no seu Plan Xeral de Atención á Diversidade.

3.Conceptos

Síndrome de Down

A síndrome de Down é unha alteración xenética que se produce pola presenza dun cromosoma extra (o cromosoma é a estrutura que contén o ADN) ou unha parte del, no par 21 (ademais dos dous que existen habitualmente); por iso, esta síndrome tamén se coñece como **trisomía 21**.

A diagnose da síndrome de Down, competencia dos servizos sanitarios, é prenatal ou perinatal polo que, salvo casos moi excepcionais, o alumnado incorporarase aos centros educativos cun diagnóstico.

As probas prenatais poden ser probabilísticas (screening e ADN-fetal) ou de diagnóstico (amniocentese). Esta última adóitase realizar unicamente se existen antecedentes de alteracións xenéticas, se a idade da nai o aconsella ou se as probas probabilísticas dan un risco alto de que o feto presente síndrome de Down.

Por outra banda, o diagnóstico despois do parto faise cos datos que proporciona a exploración clínica, considerando o fenotipo (trazos físicos típicos na síndrome de Down), e confírmase posteriormente mediante o cariotipo (estudo cromosómico que confirma a existencia dun cromosoma extra no par 21).

Á marxe deste concepto biolóxico, é importante destacar una serie de ideas que contribúen á clarificación do que é a síndrome de Down:

- É a principal causa de discapacidade intelectual (entre un 15% e un 20% das persoas con discapacidade intelectual teñen síndrome de Down) e a alteración xenética humana máis común.

- Prodúcese de forma espontánea, sen que exista unha causa aparente sobre a que se poida actuar para impedilo.

- Presenta unha incidencia de, aproximadamente, 1 de cada 1000 nacementos e dáse por igual en todas as etnias, culturas e estamentos sociais.

- Ten un factor de risco na idade dos proxenitores e, de maneira moi excepcional, nun 1% dos casos, prodúcese por herdanza.

- Non é unha enfermidade, aínda que si ten unha maior incidencia de determinados problemas de saúde: cardiopatías, enfermidades respiratorias...

- Non presenta diferenzas de gradación, aínda que o efecto que a presenza desta alteración produce en cada persoa é moi variable.

- Dá lugar a algunhas características físicas comúns (ollos lixeiramente nesgados, mans pequenas, menor estatura, hipotonía muscular...) pero cada persoa é singular, cunha aparencia, personalidade e habilidades propias.

- As características da síndrome de Down teñen unhas influencias moi particulares na aprendizaxe que fan que sexan persoas cun bo desenvolvemento da percepción e memoria visual, que necesiten máis tempo para a realización de tarefas e que teñan dificultades para a xeneralización das aprendizaxes e para a resolución de problemas.

- A síndrome de Down é unha característica máis das persoas que, coma todas, presentan unha personalidade, afeccións, ilusións e proxectos propios, que son os que verdadeiramente os definen sendo a súa discapacidade unha característica máis.

- Cando reciben unha atención adecuada, de acordo coas súas necesidades (aceptación familiar, estimulación temperá, atención educativa, prevención e vixilancia da saúde...), e dispoñen de oportunidades e dos apoios necesarios, as persoas coa síndrome de Down progresan no seu desenvolvemento nunha contorna de equidade e participando na sociedade como un cidadán ou unha cidadá de pleno dereito.

Discapacidade Intelectual

A discapacidade intelectual, segundo o modelo médico da Americam Psychiatric Association, **"comeza no período de desenvolvemento e inclúe limitacións do funcionamento intelectual e do comportamento adaptativo nos dominios conceptual, social e práctico"**.

As limitacións no funcionamento intelectual afectan "ao razoamento, á resolución de problemas, á planificación, ao pensamento abstracto, ao xuízo, á aprendizaxe académica e á aprendizaxe a través da experiencia". E as limitacións no comportamento adaptativo afectan "á comunicación, á participación social e á vida independente, en contornas como o fogar, a escola, o traballo e a comunidade".

De acordo co modelo social e no marco da Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, é esencial **ter en conta as seguintes premisas**:

- As limitacións no funcionamento presente débense considerar no contexto de ambientes comunitarios típicos dos iguais en idade e cultura.
- Unha avaliación válida ten en conta a diversidade cultural e lingüística así como as diferenzas en comunicación e en aspectos sensoriais, motores e condutuais.
- Nunha persoa, as limitacións adaptativas específicas a miúdo coexisten con puntos fortes noutras habilidades adaptativas ou outras capacidades persoais.
- Un propósito importante da descrición de limitacións é o desenvolvemento dun perfil de necesidades de apoio.
- Se se manteñen apoios personalizados apropiados durante un longo período, o funcionamento na vida da persoa con discapacidade intelectual xeralmente mellora.

Se o trasladamos ao ámbito da discapacidade intelectual, as limitacións dunha persoa convértense en discapacidade só como consecuencia da interacción da persoa cun ambiente que non lle proporciona o adecuado apoio para reducir as súas limitacións funcionais. En consecuencia, a discapacidade intelectual xa non se considera un trazo invariable da persoa, senón unha limitación do funcionamento humano, que exemplifica a interacción entre a persoa e o seu medio.

4. Orientacións no proceso de escolarización

Segundo o establecido no **artigo 17 do Decreto 229/2011**, os centros ordinarios constitúen o referente básico para os efectos de escolarización.

O proceso de escolarización do alumnado coa síndrome de Down deberá asegurar o dereito a unha educación de calidade en condicións de equidade, igualdade e de inclusión, promovendo:

- a súa presenza no grupo ordinario,
- a súa participación nas acción educativas dirixidas ao grupo,
- o progreso na súa aprendizaxe.

Estes principios de actuación deberán estar recollidos no Proxecto educativo a través do Plan xeral de atención á diversidade, e demais documentos de organización, planificación e funcionamento. Deberá, polo tanto, formar parte dos procesos de sensibilización e atención cara á diversidade de todas as persoas implicadas no centro.

Logo de ter realizada ou actualizada (cando proceda) a avaliación psicopedagóxica e derivado o informe psicopedagóxico e o ditame de escolarización no seu caso o centro garantirá que:

- O equipo docente, baixo a coordinación da persoa titora, coñecerá o resultado do dito informe en todo o que sexa necesario para a súa función educativa.
- Deseñará as concrecións do currículo necesarias baixo a perspectiva do deseño universal para a aprendizaxe que garantan os principios de accesibilidade universal.

- Garantirá os apoios educativos necesarios e os axustes razoables no marco da educación inclusiva, de xeito integral e coordinado a nivel de aula e centro.

- Realizaranse os seguimentos precisos para dar unha resposta integral, flexible e adaptativa ao alumnado.

- No caso de que o alumnado fora suxeito das medidas contempladas no Protocolo interinstitucional de atención temperá, estas serán valoradas para garantir a continuidade do proceso de atención e dos axustes adecuados. No caso de alumnado que non fora suxeito destas medidas pero se considera a aplicación do Protocolo interinstitucional, seguirase o previsto no citado protocolo.

5. Sensibilización da comunidade educativa

Construír culturas inclusivas é unha misión que debe ser compartida por todos os membros dunha comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias e outros profesionais, xunto co apoio e a participación da comunidade social inmediata, barrio, veciñanza e institucións; estar incluído supón participar, tanto no contexto educativo, como na comunidade social. Polo tanto, aprender e ensinar a recoñecer, valorar e respectar as diferenzas, e comprender o concepto de diversidade no seu sentido más amplo, debe formar parte do proceso de sensibilización nunha comunidade educativa.

Por todo isto, un proxecto educativo comprometido coa inclusión, debe identificar todas aquelas posibles barreiras que impiden e ou dificultan a accesibilidade e participación de todo o alumnado no proceso educativo. A continuación citamos algunhas desas barreiras que poden dificultar a dita participación e ás que deberemos prestar especial atención para poder abordalas:

- **Barreiras sociais:** refírense aos obstáculos mentais e actitudinais: baixas expectativas, sobreprotección, medo, rexeitamento, indiferenza, falta de apoios, etc. son barreiras que condicionan a vida dunha persoa facendo que se sinta máis ou menos capaz e máis ou menos incluída.

- **Barreiras físicas:** fan referencia a obstáculos da contorna que impiden ou bloquean a mobilidade ou o acceso. Na resolución de actividades e exercicios, suporían unha execución motora que non pode ser salvada por alumnado con dificultades psicomotoras. Podemos eliminalas se deseñamos actividades e tarefas con diferentes alternativas para a súa execución. Deberemos propoñer diferentes formas de presentación de actividades e diferentes vías de execución e expresión: gravación de audios, vídeos, elección de ilustracións, escritura ao ditado, actividades manipulativas, etc., que permitan adquirir e valorar as aprendizaxes, considerando a diversidade do alumnado.

- **Barreiras sensoriais:** son as relativas á percepción sensorial, é dicir, á maneira en que percibimos a información a través dos sentidos. Para atender a diversidade da aula, deberemos considerar a presentación da información a través de diferentes modalidades sensoriais (auditiva, visual, táctil...).

- **Barreiras cognitivas:** están relacionadas cos procesos mentais que interveñen na resolución de tarefas e actividades cognitivas. Podemos facilitar o acceso aos contidos empregando certos apoios que activan os procesos cognitivos. As axudas conceptuais, como organizadores gráficos, mapas mentais, rutinas de pensamento ou autoinstrucións son instrumentos que se poden empregar na aula e que resultan de utilidade para o grupo-clase, ademais do deseño universal para a aprendizaxe (DUA), que inclúe criterios de lectura fácil.

- **Barreiras estruturais:** son as derivadas de situacións de aprendizaxe nunha contorna desordenada, pouco predecible, inestable, sen organización do traballo... Poderían superarse empregando un sistema de traballo organizado e predicible, con apoios visuais que lle permitan ao alumnado orientarse sobre o que hai que facer; con apoios espaciais, e distribución de espazos de aula que axuden a coñecer onde hai que facelo; e con estruturas e rutinas que acheguen seguridade para saber cando hai que facelo.

- **Barreiras comunicativas:** empregar unicamente a ruta auditiva e o uso da linguaxe oral, pode supoñer unha barreira para atender a diversidade da aula. É preciso proporcionar diversas canles comunicativas como a visual, táctil, pictográfica, signada... facilitando ao alumnado que poida expresarse e compartir as súas aprendizaxes empregando estes soportes.

- **Barreiras curriculares:** a falta de flexibilidade e a homoxeneidade nas propostas educativas, nos materiais, nas metodoloxías, etc. condicionan a adquisición das aprendizaxes e o tipo de interaccións e relacións que se dan na aula. Unha programación axustada á diversidade, a implementación e diversificación de estratexias, o deseño multinivel con actividades e materiais didácticos con diferentes niveis de complexidade para a resolución de tarefas, metodoloxías cooperativas que faciliten a participación equitativa e o apoio mutuo, unha avaliación por competencias con criterios de equidade, a coordinación e

colaboración entre o profesorado, a docencia compartida... son aspectos que poden salvar certas barreiras curriculares.

Polo tanto, o proceso de inclusión debe achegarnos á consideración da diversidade como unha oportunidade para a construción da convivencia e desenvolvemento persoal do alumnado, procurando a eliminación de ditas barreiras para a participación e o progreso, e aproveitando e promovendo situacións de aprendizaxes útiles para a vida, polo que achegamos as seguintes propostas na procura dunha comunidade educativa máis sensibilizada:

1. Aproveitarase a diversidade como unha oportunidade para a construción da convivencia e o desenvolvemento persoal do alumnado, promovendo situacións de aprendizaxe útiles para a vida.

2. Identificaranse, suprimiranse e/ou minimizaranse barreiras que impidan a participación.

3. Promocionaranse accións de sensibilización no relativo á diversidade e ás medidas de atención nas que poidan participar todos os membros da comunidade educativa.

4. Facilitarase a identificación e promoción dos discursos que favorezan a diversidade en xeral, e a diversidade cognitiva en particular, contribuíndo a evitar a "etiquetaxe" e o "efecto Pigmalión" (ou profecía autocumprida) e a potenciar a mellora da acción educativa.

5. Fomentarase a participación e implicación de todos os membros da comunidade educativa na xestión, na planificación e no desenvolvemento do proxecto educativo.

6. Confiarase nas posibilidades do alumnado coa síndrome de Down, evitando expectativas baixas e trasladando esa confianza aos seus compañeiros e compañeiras.

7. Xerarase debate sobre prexuízos existentes, entendendo que a igualdade debe empezar por cada un, recoñecendo a verdadeira dimensión da diversidade, e a contribución e beneficio que provoca no grupo, analizando a evolución das actitudes e dos valores do alumnado e a sociedade en xeral con respecto ás persoas coa síndrome de Down.

8. Estarase alerta ante posibles situacións de exclusión e desenvolveranse medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo, para promover a convivencia positiva, a non discriminación e o respecto polas diferenzas máis alá do contexto de aprendizaxe da aula propiamente dito e estendéndose aos tempos de recreo e actividades extraescolares e complementarias.

9. Resaltarase a importancia de actuar ante calquera acto discriminatorio, no marco do Plan de convivencia do centro e o previsto nos protocolos de Educonvives.gal.

10. Fomentarase un bo clima de aula, acordando normas e pautas de comportamento para todos/as, empregando estratexias de cohesión de grupo e de mediación e resolución pacífica de conflitos entre o alumnado e entre alumnado-profesorado, favorecendo a convivencia e a tolerancia, etc.

11. Proporcionaranse canles comunicativas como a oral, visual e táctil, mediante o emprego de sistemas alternativos ou aumentativos de comunicación (SAAC) que recorran a sistemas pictográficos, signados, etc. ao alumnado que teña dificultades para empregar a comunicación oral, permitindo, así, acceder á información a través destes modelos, e permitindo, tamén, que o alumnado poida expresarse e compartir as súas aprendizaxes empregando estes soportes. Os SAAC serán empregados polo alumnado usuario na súa relación con toda a comunidade educativa.

12. Paralelamente concienciarase á comunidade educativa sobre a importancia de utilizar, por parte de todos e todas, formatos de comunicación diversos que aseguren a comprensión por parte deste alumnado.

13. Recollerase na concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade, que forma parte da programación xeral anual, as medidas dirixidas a evitar ou minimizar as

barreiras que impidan a participación e a aprendizaxe do alumnado coa síndrome de Down.

14. Prestarase especial atención á acollida deste alumnado así como aos períodos de transición entre etapas educativas, mesmo entre os distintos niveis.

15. Informarase e formarase ao profesorado para crear contornas sen barreiras e poder dar resposta ás necesidades de atención e apoio de todos os alumnos/as, dando prioridade ás actividades formativas en función das necesidades dos e das profesionais e do centro, establecendo espazos e tempos para o seu desenvolvemento.

16. Promoverase intervencións directas de formación, asesoramento e apoio en colaboración coas entidades especializadas, que difundan a realidade das persoas coa síndrome de Down e doutros colectivos, desmontando estereotipos, poñendo en valor os proxectos de formación en centros e as Escolas de Nais e Pais.

17. Facilitarase, desde a organización do centro, a coordinación entre os profesionais que interveñen co alumnado coa síndrome de Down, favorecendo e promovendo que atopen espazos e tempos para realizar planificacións conxuntas e para que a intervención se realice co maior grao de coherencia, de coordinación e de colaboración posible.

18. Trataranse de definir os roles e as funcións de cada persoa que forma parte do equipo educativo, na procura dunha intervención conxunta e coordinada.

19. Sistematizarase o intercambio de información relevante nos cambios de curso e de etapa educativa ou de centro do alumnado coa síndrome de Down, para asegurar a continuidade do proceso formativo e favorecer a atención educativa máis axeitada a cada alumno ou alumna.

20. Impulsarase a comunicación e coordinación entre a familia, o profesorado e os servizos de orientación; e, a través da familia, con outros servizos e entidades que atenden o alumnado coa síndrome de Down.

21. Favorecerase a creación de grupos equilibrados en canto ao alumnado que presenta especiais dificultades, onde, sempre que sexa posible, se manteñan os vínculos con compañeiros/as de referencia do centro ou etapa anterior, que sirvan como apoio natural no proceso de adaptación no novo centro ou etapa. Polo xeral, os compañeiros son una fonte de información e apoio importante.

6. Proceso de atención educativa ao alumnado coa síndrome de Down

Á hora de planificar a atención educativa co alumnado coa síndrome de Down, unha boa avaliación do contexto educativo, así como das potencialidades e competencias adquiridas polo alumnado será o piar no que se sustentará a toma de decisións posterior. Este proceso organizarase a través da realización da avaliación psicopedagóxica.

O centro debe contar con toda a información necesaria, polo que convén recordar o establecido na disposición adicional vixesimoterceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa,

" 1. Os centros docentes poderán recadar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os ditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

2. Os pais ou titores e o propio alumnado deberán colaborar na obtención da información á que se fai referencia neste artigo. A incorporación dun alumno ou alumna a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión e datos procedentes do centro no que estivera escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. No seu caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sin consentimento expreso."

A organización de centro na atención educativa

A escolarización do alumno coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual debe rexirse polos principios de equidade e inclusión asegurando a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia no sistema educativo. Para iso, é preciso deseñar un contexto educativo no que todo o alumnado poida estar presente, participar e aprender, de maneira que permita incorporar os apoios e/ou adaptacións que se precisen:

1. Buscarase a estabilidade do profesorado que interveña con este alumnado, no marco da normativa vixente, incentivando a elección da titoría con alumnado con síndrome de Down en base a criterios pedagóxicos.

2. Potenciarase a figura do/a titor/a como profesional de referencia para o/a alumno/a e para o intercambio de información e coordinación coa familia e co resto do equipo docente.

3. Promoverase o establecemento de colaboracións con outros profesionais e entidades que poidan achegar valor ao proceso educativo do alumno ou alumna.

4. Informarase ao profesorado, por parte da xefatura do Departamento de Orientación, das conclusións da avaliación psicopedagóxica, sobre as necesidades do alumnado nos diferentes ámbitos e das propostas de intervención educativa.

5. Implantaranse programas de asesoramento e orientación educativa e vocacional axustados ás necesidades de cada alumno/a, facilitando a información axeitada sobre recursos existentes e acompañando no proceso de toma de decisións.

6. Facilitarase a incorporación de estratexias de investigación e innovación nas prácticas educativas, motivando o profesorado a participar en procesos de análise e recollida de información para a toma de decisións, estratexias metodolóxicas de investigación para a avaliación do progreso e impacto de iniciativas e prácticas escolares, difusión de boas prácticas a través de xornadas, grupos de traballo, boletíns...

7. Contribuirase a potenciar a súa autoestima, valorando a capacidade de progreso e as metas acadadas.

8. Visibilizaranse boas prácticas en relación á inclusión.

9. Promoverase a participación do alumno/a no grupo nas actividades que se realicen fóra da aula, contribuíndo a evitar posibles situacións de illamento (nese labor é relevante a actuación do profesorado de garda e o persoal de administración e servizos ou outros membros da comunidade educativa, durante recreos, saídas extraescolares, cambios de aula, comedor, transporte, ...)

10. Potenciarase a aprendizaxe da cidadanía activa de xeito que o alumnado do centro se forme á vez que incide no seu contorno cun labor de servizo á comunidade (como por exemplo con proxectos de aprendizaxe e servizo).

11. Visibilizaranse situacións de éxito de persoas coa síndrome de Down e, en xeral, con diversidade funcional.

Orientacións metodolóxicas e de aula

A Atención á diversidade nunha escola inclusiva pon en valor a personalización do proceso de ensino- aprendizaxe, que debe adaptarse ás distintas realidades das alumnas e dos alumnos do sistema educativo considerando os diferentes contextos, así coma as súas potencialidades, ao seu desenvolvemento, aos seus ritmos, aos seus estilos e ás súas particulares formas de aprender. Neste sentido, coa fin de crear un contexto de aprendizaxe universal que considere a variabilidade do alumnado, propoñemos que se teñan en consideración as seguintes estratexias:

1. Transmitirase a información mediante frases curtas, de forma clara, con boa pronuncia e asegurándonos de que nos está prestando atención. Verificarase sempre que o/a alumno/a entendeu a información que se lle transmitiu.

2. As tarefas presentaranse secuenciando a información paso a paso, fragmentadas e graduadas segundo a dificultade para unha mellor consolidación da aprendizaxe.

3. É preciso adaptarse ao seu ritmo de traballo, deixándolle máis tempo, se fose necesario, para acabar a actividade e, pouco a pouco, ir pedíndolle maior velocidade nas súas realizacións.

4. É recomendable proporcionarlle pautas de actuación, estratexias, formas de actuar, instrucións concretas, en lugar de normas xerais de carácter abstracto.

5. Empregarase máis a axuda directa e demostracións (por medio do modelado e a imitación) ca longas explicacións.

6. Adaptarase a duración das actividades a súa capacidade de atención. Polo xeral, é mellor planificar moitas actividades curtas que poucas de longa duración.

7. Evitaranse tarefas repetitivas que supoñan a perda de interese e a posible aparición de condutas inapropiadas e que poidan ser interpretadas de forma errónea.

8. Os contidos de aprendizaxe presentaranse mediante distintas modalidades sensoriais, con imaxes, gráficos, debuxos, pictogramas ou esquemas, cando sexa viable e/ou necesario, e tendo en conta que a información interiorízana mellor empregando varias vías de acceso: a través da vista, do oído, do tacto e mesmo manipulando obxectos reais sempre que se poida.

9. Primarase a valoración do esforzo máis ca o resultado do traballo realizado, para mellorar a autoestima do alumno ou alumna e a súa motivación.

10. É conveniente ter preparado con antelación o material que se vai utilizar e contar con material en abundancia, por se houbese que modificar as actividades que se tiñan previstas nun principio.

11. Convén que existan unhas normas claras sobre a utilización do material, e que sexan intelixibles para todo o alumnado. Cómpre organizar o material na aula de

forma que se atope facilmente, que se poida acceder a el con comodidade e que se poida gardar sen problema.

12. Favorecerase o autocontrol e a responsabilidade esixíndolle o cumprimento das normas acordadas para a aula e o centro.

13. Facilitarase a adaptación ao cambio de actividade establecendo os apoios precisos en función das súas necesidades.

14. É preciso adaptarse máis ao nivel de comprensión que de expresión. En xeral a súa capacidade de comprensión é superior á de expresión.

15. Reforzaranse os bos hábitos (constancia, puntualidade, coidado...) evitando facer xuízos a causa de condutas desaxustadas.

16. Non se lles proporcionará axuda naquilo que poidan facer por si mesmos, evitando a sobreprotección. É importante tratar o alumnado coa síndrome de Down conforme a súa idade cronolóxica (non son eternos nenos/as), marcándolle responsabilidades propias e sen permitir condutas ou accións que non se lle permitirían ao resto do alumnado.

17. Fomentarase a responsabilidade e autonomía no desenvolvemento das tarefas, utilizando estratexias de autoaprendizaxe que permitan que os alumnos e as alumnas traballen por si sós na aula, evitando a dependencia excesiva do persoal de apoio ou dos compañeiros. O persoal docente pode facer de mediador, para achegar os coñecementos ao alumno/a, pero sempre buscando que o/a neno/a sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.

18. Ofreceranse situacións educativas de éxito, que posibiliten a mellora do seu autoconcepto e da súa autoestima no ámbito escolar, que fagan que se sinta capaces e valorados como membros activos do seu grupo poñendo en valor a súa contribución a el.

19. Promoveranse as aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais, aplicables de maneira inmediata ou próxima na súa vida cotiá, que fomenten a súa motivación e que lles permitan percibir a súa utilidade.

20. Empregaranse actividades de deseño universal sobre situacións da súa vida real, nas que poida participar activamente e partindo sempre do coñecido.

21. Xeraranse situacións de aprendizaxe motivadoras para manter a atención, procurando buscar actividades próximas aos seus intereses e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo.

22. Pode ser conveniente aplicar programas específicos de autonomía persoal, habilidades prosociais e educación emocional, tendo en conta o contexto e dirixidos a promover a súa independencia.

23. Cómpre coidar a adquisición da lectoescritura, priorizando a funcionalidade, utilizando metodoloxías que apoien a comprensión e a asociación da palabra co seu significado (métodos globais, enfoques contrutivistas, etc.), pois é necesario adaptarse ao seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

24. Introduciranse as TIC (teclados ou calquera outro soporte) cando hai especiais dificultades na motricidade fina, de maneira que non se free o avance nos contidos a pesar de non estar adquiridas as habilidades na lectoescritura.

25. Non condicionar o proceso de adquisición da lectura e a escritura ao desenvolvemento de destrezas previas, especialmente motrices, pois non todas son imprescindibles para a adquisición dunha lectoescritura funcional.

26. Para iniciar a adquisición da lectoescritura, non debería ser un impedimento a dificultade no eido da linguaxe e a comunicación, pois en moitas ocasións, iniciarse neste proceso, supón unha mellora considerable.

27. No deseño de actividades contemplaranse os criterios de lectura fácil, ofrecer preguntas con alternativa de resposta, propoñer tarefas de relacionar, sinalar, clasificar...

Medidas curriculares

Desde a perspectiva do deseño universal para a aprendizaxe (DUA) é preciso realizar unha interpretación flexible do currículo, deseñando unha programación de aula que axuste os elementos curriculares ás características do grupo-clase, recollendo as medidas, recursos e apoios necesarios para que o/a alumno/a poida acceder á participación e á aprendizaxe. Esta interpretación debe ir acompañada doutras medidas metodolóxicas que a sustenten como:

1. Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relacións interpersoais e o respecto mutuo.

2. Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do alumnado, que teñan en conta os posibles apoios ou adaptacións necesarias.

3. Buscar a optimización e a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con síndrome de Down.

4. Dispoñer de materiais diversos que atendan a diversidade da aula e faciliten a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado.

5. Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.

6. Propiciar situacións de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.

7. Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.

8. Potenciar a aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interrelación entre o alumnado e a ensinanza e os apoios naturais entre iguais, entendendo que os

compañeiros son o seu referente e que con frecuencia aceptan mellor a súa axuda para comprender e realizar as tarefas. Da mesma maneira que eles poden proporcionar tamén apoio e axuda aos seus compañeiros/as.

Naqueles casos nos que estas adaptacións non sexan suficientes, a lexislación prevé medidas extraordinarias entre as que se atopa a adaptación curricular, pola que adapta o currículo prescritivo á realidade dun determinado alumno ou alumna con necesidades educativas especiais. É dicir, a adaptación curricular é un currículo personalizado que contribúe, como se di no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a atender a diversidade "adecuando a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais dun determinado alumno ou alumna".

Estas adaptacións realizaranse, tal e como establecen os decreto reguladores dos currículos, buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos reflectidos nas devanditas adaptacións. Polo tanto, só deberá contemplarse como un recurso aplicable cando as medidas ordinarias non sexan suficientes para garantir a participación e a aprendizaxe do alumno/a.

Aínda que a adaptación curricular, como se indicou anteriormente, é persoal ou propia de cada alumna ou alumno, cando se trate de axustar o currículo, é fundamental partir da propia programación de aula (tratando de personalizala e evitando simplemente reproducir criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e contidos de cursos anteriores), garantindo a aprendizaxe contextualizada co seu grupo-clase.

Polo tanto, coa adaptación curricular, coa modificación dos elementos prescritivos do currículo, o que se pretende é situar as situacións de ensino e aprendizaxe na liña de base do alumno ou alumna con necesidade específica de apoio educativo, nos seus coñecementos, habilidades e destrezas previas. E, ademais de situar o currículo adaptado na súa liña de base, nos seus coñecementos previos, é necesario establecer os recursos materiais e persoais que, no seu caso, sexan necesarios para facilitar o acceso e para garantir a igualdade de oportunidades en educación.

En conclusión, desenvolver unha adaptación curricular implica cambios no contexto para adaptar e/ou modificar todos aqueles aspectos que sexan susceptibles de mellora no proceso de inclusión (organización de recursos, de espazos e tempos, metodoloxía, materiais, actividades, avaliación, formación...); é dicir, construír un espazo educativo común onde poidan participar e aprender todas e todos xuntos, en situación de equidade. E o que é sumamente importante é que todas e todos os profesionais que traballen co alumno ou coa alumna o fagan de forma totalmente coordinada.

1. Así mesmo, no marco das medidas extraordinarias, deberán valorarse as propostas das medidas de flexibilización da idade de escolarización que mellor se adapte ás súas circunstancias persoais e expectativas de aprendizaxe e de futuro.

2. Na formación profesional básica considerarase a flexibilización modular como medida de apoio. Elixirase aquela que mellor se adapte a cada situación e contexto concreto, e tratarase de responder ás necesidades de cada caso e sendo inclusivas.

Orientacións sobre a avaliación

O proceso de avaliación afecta ao alumnado, ao profesorado e a todos os elementos do sistema educativo, é necesario verificar, de forma continua e sistemática, como se desenvolven os procesos de ensino e aprendizaxe, como contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e do profesorado, como se axustan ao que cada cal necesita, que melloras ou cambios deben introducirse, etc. É dicir, a avaliación ten que servir para comprender como se están desenvolvendo os procesos de ensino e de aprendizaxe e para orientalos.

Deberá permitirnos valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica... e todo aquilo que sexa susceptible de axuste ou mellora, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais acadados polo alumnado, senón que teña en conta a valoración dos distintos factores que poden incidir neste proceso, dos procesos seguidos e das aprendizaxes e competencias acadadas, e debe contar cos recursos e co tempo que se necesiten. Nela estará implicado todo o persoal que atende ao alumnado: profesorado titor, profesorado de área ou materia, profesorado especialista, etc., respectando o establecido na normativa que regula a avaliación das distintas etapas.

Prestarase especial atención á avaliación inicial, que ademais de determinar o nivel de competencia de cada alumno/a, será o punto de partida para a elaboración dunha programación de aula que ten en conta distintos niveis de desempeño. Para a realización desta avaliación inicial terase en conta a información recollida nos informes persoais de etapa ou curso anterior, así como outra información de relevancia recollida nos expedientes académicos, e a proporcionada polas familias e a recollida por axentes externos, de ser o caso, que interveñan co alumnado.

Debemos personalizar a avaliación, adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación realizarase en función dos criterios de avaliación e os correspondentes estándares de aprendizaxe. No caso das áreas ou materias obxecto de adaptacións curriculares, tomará como referencia os criterios e os estándares fixados nestas, se ben a efectos de titulación teranse en conta os criterios xerais establecidos na normativa.

Todo o alumnado debe estar implicado e ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe. No caso de alumnado con máis dificultades é importante anticipar, planificar e prever, facelos partícipes do que teñen que facer, con quen, como e para que, e de cales son os criterios de avaliación. É dicir, debe servir para informar o alumnado do seu proceso de aprendizaxe e do que se espera deles.

Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno ou alumna é capaz de facer ou foi adquirindo, por pequeno que sexa, sen centrarse exclusivamente nas súas dificultades. A información que se proporcione aos alumnos e ás alumnas ou aos seus pais, nais ou titores legais sobre o seu rendemento escolar ha de incluír, ademais das cualificacións, unha valoración cualitativa, en termos positivos, ben clara do progreso do alumno ou alumna.

A avaliación ten como finalidades verificar se se acadaron as aprendizaxes e informar do proceso seguido. Por iso, os instrumentos de avaliación deben encamiñarse a acadar esas dúas finalidades; é dicir, os instrumentos de avaliación han de adaptarse á realidade de cada un dos alumnos e alumnas, han de ser válidos para valorar os logros e progresos conseguidos nas aprendizaxes, baseándose na perspectiva do deseño universal de aprendizaxe, coa finalidade de achegar ou facilitar a comunicación e o acceso á información, especialmente no caso de aquel alumnado que ten mais dificultades.

A inclusión de prácticas de autoavaliación e coavaliación como instrumentos de autocoñecemento, superación persoal, de axuste do proceso educativo e de valoración do produto final conseguido coa aprendizaxe (utilizando ferramentas como: mapas mentais, organizadores gráficos, paneis de autoinstrucións, dianas de avaliación, rúbricas, portfolios...), permitirá facer partícipe ao alumnado do proceso de avaliación para o seu propio beneficio.

Seguimento do alumnado

O seguimento das actuacións ou das medidas planificadas e implementadas resulta un proceso imprescindible para coñecer a súa utilidade e, ao mesmo tempo, orientar os posibles axustes ou melloras. Por iso, a proposta educativa para o alumnado con síndrome de Down debe considerar, xa no seu deseño, o proceso de seguimento e o de avaliación.

Trimestralmente, durante as sesións de avaliación, tal e como establece a normativa vixente, deben valorarse as medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado coa síndrome de Down, valorando se son axeitadas ou se precisan axustes ou melloras para o incremento da súa eficacia. O tipo de agrupamentos, a adecuación de espazos e tempos, a organización de apoios, a idoneidade do material existente, o nivel de coordinación entre os diferentes profesionais que traballan con este alumnado, etc. son aspectos que deben ser considerados neste proceso.

O remate de curso é un momento importante no proceso educativo do alumnado, xa que da avaliación final se van derivar implicacións educativas importantes para o desenvolvemento do alumno ou alumna, polas decisións que se adopten. Por iso, nesta fase final de seguimento do proceso educativo, que debería realizarse despois da sesión de avaliación final, deben colaborar todas as persoas que participaron nela. Desa fase final deben producirse orientacións para o próximo curso, onde se terán en conta os aspectos instrutivo e formativo, os posibles recursos, a metodoloxía conveniente, etc.

A información relevante debe quedar recollida nos documentos e na forma en que a normativa vixente establece. Ademais, ao alumnado que curse a etapa de ESO e non

obteña o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, proporcionaráselle a certificación oficial que dispón o artigo 24.4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño. É de especial utilidade que nesta certificación se inclúa a especificación do nivel de competencias acadadas polo alumnado.

7. Orientacións de colaboración coas familias

Promoverase a implicación das nais, dos pais ou dos titores e titoras legais do alumnado coa síndrome de Down no proceso educativo, facilitando a súa participación e colaboración. Para os efectos de articular conxuntamente a mellor resposta educativa, é importante esta colaboración centros-familias de acordo coas seguintes orientacións:

Cómpre realizar canto antes o intercambio inicial de información entre a familia e o centro, para poder dispor de información relativa ao alumno/a: historia familiar, nivel de autonomía, como se desenvolve en hábitos e rutinas no fogar, fortalezas, dificultades, intereses..., xa que as familias son fonte de información valiosa á hora de dar unha resposta axeitada ás necesidades do alumno/a.

Cómpre empregar unha canle de comunicación consensuada (axenda, correo electrónico, plataforma virtual... sempre con garantías de protección de datos), sobre todo cando a alumna ou o alumno non teñen suficientemente desenvolvidas as habilidades de comunicación.

Cómpre establecer obxectivos comúns entre a familia e o centro educativo, tanto en referencia á evolución educativa como á social do alumno ou alumna, buscando alternativas consensuadas en caso de non acadarse.

Cómpre levar a cabo reunións titoriais:

- Cunha clara planificación e preparación previa, valorando, no seu caso, a presenza doutros profesionais que interveñan na atención deste alumnado.
- Establecendo un clima de asertividade, confianza mutua e empatía.
- Procurando fomentar que as comunicacións vaian enfocadas a aspectos positivos sobre o rendemento académico, conduta, relacións...

- Proporcionar toda a información e formación que poida ser do seu interese e que poida reverter nunha mellora do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado: sobre a programación de aula, as medidas de atención á diversidade, os criterios de avaliación, etc.

8. Referencias bibliográficas

- **Alba Pastor, C.** (Coord.) (2016). Diseño universal para el aprendizaje: educación para todos y prácticas de enseñanza inclusivas. Madrid: Morata.

- **Ainscow. M.** (2001). Desarrollo de escuelas inclusivas: ideas, propuestas y experiencias para mejorar las instituciones escolares. Narcea.

- **Booth, T. e Ainscow. M.** (2002). Guía para la evaluación y mejora de la educación inclusiva. Index for inclusión. Madrid: Consorcio Universitario para la Educación Inclusiva. Dispoñible versión en español en www.oei.es/IndexLibroAgosto.pdf

- **Booth, T; Ainscow, M. e Kingston, D.** (2006) Index para la Inclusión. Desarrollo del juego, el aprendizaje y la participación en Educación Infantil Bristol: CSIE. Disponible versión en español en www.eenet.org.uk/resources/docs/Index%20EY%20Spanish.pdf

- **Calderón, I.** (2014). Educación y esperanza en las fronteras de la discapacidad. Ediciones Cinca.

- **Flecha, R.** (2015). Comunidades de aprendizaje. Barcelona. Fund. ECOEM.

- **Down España** (2013). Proyecto H@z Tic 2. La pizarra digital y el aprendizaje cooperativo en el aula con alumnos con síndrome de Down. Madrid. Dispoñible en http://www.sindromedown.net/wp-content/uploads/2014/09/143L_guiahz.PDF

- **Down España** (2016). Claves de apoyo a niños con síndrome de Down en el aula de educación infantil. Madrid. Dispoñible en http://www.sindromedown.net/wp-content/uploads/2017/01/Claves-de-apoyo-a-ni--os-con-s--ndrome-de-Down-en-el-aula-de-educacion-infantil-1.pdf

- **Down Galicia** (2017) Guía de lectura fácil. http://downgalicia.org/wp-content/uploads/2017/12/Guia-de-lectura-facil.pdf

- **Down Galicia** (actualizase anualmente) Guía de orientación académica e profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual. Dispoñible en: http://downgalicia.org/punto-virtual/recursos-educativos/

- **García, J.B.** (2010). Enseñanza Multinivel: una estrategia para la puesta en práctica de curriculums para todos". Presentación dispoñible en https://es.slideshare.net/jblasgarcia/enseanza-multinivel-dpm

- **Johnson, D.W., Johnson, R.T. e Holubec, E.J.** (1999). El aprendizaje cooperativo en el aula. Buenos Aires: Paidós.

- **Parrilla, A., Muños, M.A., Sierra, S.** (2013). Proyectos educativos con vocación comunitaria. Revista de investigación en Educación, nº11, pp 15-31.

- **Proyecto H@z Tic 2**. La pizarra digital y el aprendizaje cooperativo en el aula con alumnos con síndrome de Down. Madrid. Dispoñible en http://www.sindromedown.net/wp-content/uploads/2014/09/143L_guiahz.PDF

- **Pujolàs, P.** (2004). Aprender juntos alumnos diferentes. Los equipos de aprendizaje cooperativo en el aula. Barcelona: Eumo-Octaedro.

- **Pujolás,P e Lago, J.R.** El programa CA/AC ("cooperar para aprender / aprender a cooperar") para enseñar a aprender en equipo. Implementación del aprendizaje cooperativo en el aula. Universidad de Vic. Dispoñible en http://www.elizalde.eus/wp-content/uploads/izapideak/CA-ACprograma.pdf

- **Rose,D., Meyer R.** (2002): Future is in the Margins The Role os Technology ando Disability in Educational Reform. Wakefield. National Center on UDL. Dispoñible en http://www.udlcenter.org/sites/udlcenter.org/files/Meyer-Rose_FutureisintheMargins.pdf

- **Sandoval, M., Echeita, G.,Simón, C., López, M**. Educación inclusiva: iguales en la diversidad. Módulos de formación. ITE. Ministerio de Educación. Disponible en http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/126/cd/indice.htm

- **Sanmartí, N**. (2007). 10 ideas claves: evaluar para aprender. Graó.
- **Schank, R.** (2013). Enseñando a pensar. Erasmus Ediciones, España.
- **Staimback, S. e Staimback, W.** (1999): Aulas inclusivas. Madrid: Narcea.
- **Tomlinson, C. A.** (2005). Estrategias para trabajar con la diversidad en el aula. Paidós Ibérica.
- **Tomlinson, C. A. (**2008). El aula diversificada: dar respuestas a las necesidades de todos los estudiantes. Octaedro.
- **UNESCO** (2016). Educación 2030. Declaración de Incheon. Recuperado de http://unesdoc.unesco.org/images/0024/002456/245656s.pdf
- **UNESCO** (2017) Guía para asegurar la inclusión y la equidad en la educación. Recuperado de http://unesdoc.unesco.org/images/0025/002595/259592s.pdf

Recursos web

- **PUNTO VIRTUAL DE EDUCACIÓN DOWN GALICIA**: portal web que inclúe información, recursos e metodoloxías educativas adaptadas, boas prácticas, ... facilitando así un recurso máis na atención á diversidade presente nas aulas e centros educativos.
  Acceso: http://downgalicia.org/punto-virtual/

- **Portal TICA**
  Acceso: http://www.portaltica.net/

- **Ferramentas DUA do CAST**
  Acceso: http://www.cast.org/our-work/learning-tools.html#.WjPSto1y4dW

- **Aula Abierta Arasaac**
  Acceso: http://aulaabierta.arasaac.org/

- **Soy Visual**
  Acceso: https://www.soyvisual.org/

9. Glosario de termos

- **ACTIVIDADES DE DESEÑO UNIVERSAL:** propostas educativas deseñadas de modo que sexan utilizables por todas as persoas na maior medida posible.

- **APRENDIZAXE COOPERATIVA:** modelo de aprendizaxe que, sobre a base de equipos heteroxéneos de alumnado, promove a aprendizaxe desde un punto de vista colectivo e individual, fundamentándose sobre: a interdependencia positiva (hai unha meta común, de grupo), a responsabilidade individual (cada integrante do equipo ten que executar a súa tarefa), a interacción entre as persoas do grupo (apréndese en comunicación cos demais integrantes do grupo) e as habilidades sociais (condutas necesarias para unha correcta comunicación e colaboración).

- **APRENDIZAXE FUNCIONAL:** adquisición de conceptos, coñecementos, normas, etc. que deben serlle útiles ao alumnado na vida cotiá, de forma que poida aplicalos en calquera circunstancia que se requira.

- **APRENDIZAXE POR PROXECTOS:** modelo de aprendizaxe nos que os/as estudantes planean, desenvolven e avalían proxectos que teñen aplicación no mundo real, máis alá da aula. É un método de aprendizaxe baseado no principio de usar situacións reais como punto de partida para a adquisición e integración dos novos coñecementos, e na que os protagonistas da aprendizaxe son os propios alumnos/as, que asumen a responsabilidade de ser parte activa no proceso. Así, permite ao alumnado adquirir os coñecementos e competencias clave mediante a elaboración de proxectos que dan resposta a problemas da vida real. Os alumnos e as alumnas convértense en protagonistas da súa propia aprendizaxe e desenvolven a súa autonomía e responsabilidade, xa que son eles os encargados de planificar, estruturar o traballo e elaborar o produto para resolver a cuestión exposta. O labor do docente é guialos e apoialos ao longo do proceso.

- **AUTOINSTRUCIÓNS:** técnica cognitiva que ten como obxectivo principal ensinar ao alumnado usar autoverbalizacións (verbalizacións internas ou pensamentos) en forma de instrucións a un/nha mesmo/a para cambiar e/ou controlar condutas. É dicir, son mensaxes, verbalizacións curtas que nos podemos dicir a nós mesmos e

que nos axudarán a conseguir obxectivos, dirixir, apoiar, frear ou manter comportamentos, favorecer a autonomía na resolución de tarefas e favorecer a interiorización dos procesos mentais, así como mellorar a atención na tarefa e a organización e estruturación mental.

- **DESEÑO UNIVERSAL DE APRENDIZAXE (DUA):** é un enfoque didáctico que pretende aplicar os principios do deseño universal ao deseño do currículo dos diferentes niveis educativos.

- **DOCENCIA COMPARTIDA:** tipo de organización na que dous mestres ou mestras traballan conxuntamente co mesmo grupo-clase, alternando a súa intervención. Ambos os dous dan soporte, clarifican cuestións e complementan as súas explicacións para garantir unha mellor aprendizaxe. Permite traballar con distintas estratexias metodolóxicas dentro da aula, ofrecendo maior atención ao alumnado.

- **EFECTO PIGMALIÓN:** suceso que describe como a crenza que ten unha persoa sobre outra poder influír no rendemento desta outra persoa. Require de 3 aspectos: crer firmemente nun feito, ter a expectativa de que se vai a cumprir e acompañar con mensaxes que animen a súa consecución. O efecto Pigmalión aplicado ao ámbito escolar fai referencia a como as expectativas do profesorado sobre o alumnado poden condicionar o seu comportamento cara a el e afectar a súa evolución académica.

- **ENFOQUE ECOLÓXICO:ENFOQUE ECOLÓXICO:** modelo que entende o desenvolvemento psicolóxico do individuo como un proceso complexo que responde á influencia dunha gran variedade de factores estreitamente ligados ao ambiente. Así, o postulado básico deste enfoque é que o resultado da interacción entre a persoa e os ambientes que a rodean (sexan máis ou menos inmediatos – familia, escola, traballo, sociedade, ...-), constitúen a principal fonte de influencia sobre a súa conducta, sobre o seu desenvolvemento. Se o trasladamos ao ámbito da discapacidade intelectual, as limitacións dunha persoa convértense en discapacidade só como consecuencia da interacción da persoa cun ambiente que non lle proporciona o adecuado apoio para reducir as súas limitacións funcionais. En consecuencia, a discapacidade intelectual xa non se considera un trazo invariable da persoa, senón unha limitación do funcionamento humano, que exemplifica a interacción entre a persoa e a súa contorna.

- **FUNCIÓNS EXECUTIVAS:** conxunto de capacidades cognitivas necesarias para controlar e autorregular a propia conduta. É dicir, son o que nos permite establecer, manter, supervisar, corrixir e acadar un plan de acción dirixido a unha meta.

- **MAPA MENTAL:** é un diagrama no que se representan graficamente palabras, ideas ou conceptos. É unha ferramenta de aprendizaxe que utiliza a creatividade para sintetizar e representar ideas permitindo memorizar a información.

- **MODELADO:** proceso de aprendizaxe por observación no que a conduta dun individuo ou dun grupo de individuos actúa como estímulo para xerar condutas semellantes en outros noutros individuos que observan a actuación do modelo. A maior parte da aprendizaxe nos humanos é unha aprendizaxe observacional. O modelado pode utilizarse para aprender novas condutas, inhibir ou desinhibir patróns de comportamento.

- **ORGANIZADORES GRÁFICOS:** son representacións que organizan a información a través de esquemas, mapas conceptuais e semánticos, diagramas de fluxo, matrices de comparación e contraste, etc. É dicir, a representación visual convértese nun recurso para organizar a información.


- **PLANIFICACIÓN MULTINIVEL:** enfoque que asume a personalización, a individualización, a flexibilidade e a inclusión de todos os alumnos e alumnas, sen distinción nin exclusión polo seu nivel de habilidades ou capacidades. Neste modelo mantense a referencia duns obxectivos e aprendizaxes comúns, e disponse dun amplo abano de métodos e estratexias de instrución que se utilizan de maneira flexible en función das características individuais dos alumnos/as. A instrución multinivel parte da premisa de que se debe ensinar unha única lección a toda a clase. É unha forma de planificar que conduce a individualizar o ensino, a flexibilizalo e a incluír a todos os estudantes, con independencia das habilidades que teñan. Permite ao profesorado planificar para todos os alumnos e alumnas dentro dunha mesma lección, reducindo, así, a necesidade de impartir programas paralelos, mentres logra traballar metas individuais utilizando os contidos da clase e as mesmas estratexias docentes. Ademais, posibilita propor tarefas de diferente complexidade baseándose na taxonomía de Bloom, organizando os coñecementos

e habilidades xerarquicamente, en función dos procesos (cognitivos, afectivos e psicomotores) requiridos para realizar diferentes actividades.

- **RUTINAS DE PENSAMENTO:** procesos que se utilizan na aula e que contribúen a xerar uns movementos de pensamento concretos. Son estruturas coas que os alumnos e alumnas, dunha maneira individual ou colectiva, inician, discuten e xestionan o seu pensamento á vez que descobren modelos de conduta que permiten utilizar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar. Son estratexias breves e fáciles de aprender, que orientan o pensamento dos e das estudantes e dan estrutura ás discusións de aula. Se se practican con frecuencia e de forma flexible, acaban converténdose no modo natural de pensar e operar cos contidos curriculares dentro da aula.

- **SISTEMAS AUMENTATIVOS E ALTERNATIVOS DE COMUNICACIÓN (SAAC):** son instrumentos de intervención logopédica-educativa destinados a persoas con alteracións diversas da comunicación e/ou da linguaxe, que teñen como obxectivo aumentar (aumentativos) e/ou compensar (alternativos) as dificultades de comunicación e linguaxe daquelas persoas que teñen alteracións ou dificultades na fala, posibilitando unha mellora na calidade de vida da persoa. A comunicación aumentativa e alternativa (CAA) non é incompatible senón complementaria á rehabilitación da fala natural, e inclúe diversos sistemas de símbolos, tanto gráficos (fotografías, debuxos, pictogramas, palabras ou letras) como xestuais (mímica, xestos ou signos manuais) que se adaptan ás necesidades de persoas con idades e habilidades motrices, cognitivas e lingüísticas moi dispares.

- **TITORÍA ENTRE IGUAIS:** modalidade de aprendizaxe entre iguais baseada na creación de parellas de alumnos e alumnas, nas que un actúa de titor e o outro, de titorado, que posúen un obxectivo común, coñecido e compartido (adquisición dunha competencia académica), que se logra a través dun marco de relación planificado previamente polo profesorado. Como método cooperativo, aproveita a posibilidade de que os estudantes sexan mediadores da aprendizaxe ao utilizar as diferenzas entre eles, incluídas as diferenzas de nivel, como motor para xerar aprendizaxe.



XUNTA DE GALICIA

